

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Secretaría Xeral. Sección de Información e Actas

Resolución pola que se aproban as Bases e se convoca a XI Edición do premio Rosalía de Castro de Lingua 2020 da Deputación da Coruña

ANUNCIO

Oficialía Maior

Unidade Técnica de Normalización Lingüística

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS BASES E SE CONVOCA A XI EDICIÓN DO PREMIO “ROSALÍA DE CASTRO” DE LINGUA 2020 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

O presidente desta Corporación, por resolución número 6084 do 17/02/2020 aprobou:

1º As bases da XI edición do Premio “Rosalía de Castro” de Lingua 2020.

2º Os gastos relativos a este expediente, que ascenden a 6.600 euros, poderanse imputar ás partidas presupostarias seguintes: á 0111/3344/22699 as axudas de custe das persoas integrantes do xurado e á 0111/3344/481 os importes dos dous premios. Documento contable RC 220200002676

3º Publicar no Boletín Oficial da Provincia as bases do XI Premio “Rosalía de Castro” de Lingua 2020 para os efectos de anunciar oficialmente a súa convocatoria.

BASES

XI Premio “Rosalía de Castro” de Lingua 2020

Primeira. Obxectivos

A convocatoria do Premio “Rosalía de Castro” de promoción da lingua galega está destinada a recoñecer iniciativas, traballos recentes, traxectorias de persoas individualmente, colectivos ou entidades comprometidas coa promoción e dignificación social do noso patrimonio lingüístico, quer no ámbito da provincia, quer a nivel galego. Será especialmente significativo o traballo con aqueles sectores de especial relevancia para o futuro do galego.

Poderán presentar candidaturas para a concesión do premio todas as persoas físicas ou xurídicas que estiveren interesadas na promoción da lingua galega.

As persoas que formaren parte do xurado poderán propor candidaturas que deberán facer chegar ao resto das persoas integrantes do xurado, cando menos, 72 horas antes da sesión de deliberación.

Nas candidaturas poderán propoñer calquera persoa, colectivo, asociación ou entidade ligada a proxectos que se desenvolvan ou relacionen coa promoción da lingua galega.

Só se admitirá unha candidatura por persoa física ou xurídica.

Non se admitirán candidaturas presentadas por persoas ou entidades premiadas nas edicións anteriores do Premio e tampouco se poderán propoñer autocandidaturas.

A convocatoria tramitarase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Dado que a tramitación será telemática:

Quen presente a candidatura deberá dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito telemático, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Dispoñer de certificado dixital.

Segunda. Categorias

Os premios concederánselles ás persoas, colectivos, asociacións ou entidades de ámbito galego en xeral e/ou da provincia da Coruña en particular, que destaquen pola súa traxectoria na promoción e dignificación da lingua galega ou que salienten por actividades que impliquen o espallamento da lingua galega no ano en curso.

Haberá dúas categorías:

A) Premio “Rosalía de Castro” de Lingua 2020 a aquela persoa, colectivo, entidade ou asociación que máis destaque na promoción da lingua galega.

B) Premio “Rosalía de Castro” de Lingua 2020 a aquela persoa, colectivo, entidade ou asociación que realice un traballo específico cos tramos da poboación de menor idade, infancia e mocidade.

Terceira. Premios

Tanto a categoría A como a B están dotadas coa cantidade de 3.000 € cada unha delas, esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle foren aplicables.

O importe dos premios desta convocatoria imputarase á Partida 0111/3344/481 e o importe das persoas integrantes do xurado á partida 0111/3344/22699 do Presuposto de 2020.

O premio poderá quedar deserto e tamén ser concedido con carácter ex aequo. Neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas e/ou entidades que resultaren premiadas

Cuarta. Prazo

O prazo de presentación das candidaturas determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o **30 de abril de 2020**.

Quinta. Documentación

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

- Memoria explicativa na que se recollan os datos seguintes da persoa/entidade/proxecto presentado:
- Nome da persoa, colectivo, asociación ou entidade; NIF
- Nome representante; NIF
- Enderezo postal
- Teléfono
- Enderezo electrónico
- Enderezo web
- Méritos que se alegan para a proposta da candidatura, tendo en conta os criterios explicados na base sexta desta convocatoria
- Documentación achegada para acreditar os méritos
- Declaración de conformidade da persoa/entidade proposta coa presentación da candidatura.

No caso de persoas xurídicas:

- Acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance da dita delegación (presentación telemática da solicitude e sinatura electrónica de toda a documentación necesaria para a súa tramitación)

Sexta. Xurado

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a presidencia da Deputación ou persoa en quen delegar e formarán parte del catro persoas de recoñecido prestixio no ámbito da lingua galega. As funcións de secretaría exerceraas o secretario da Corporación, ou funcionaria/o en quen delegar.

A composición do xurado farase pública, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro e na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se for o caso, os recursos legais pertinentes.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

Para conceder os premios o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- Tarefa continuada desenvolvida a favor da promoción da lingua galega
- Actuacións concretas (previstas ou desenvolvidas) no ano 2020 a favor da dignificación social da lingua galega
- Uso habitual e digno do galego nas súas actividades e nos seus servizos
- Campañas de información e/ou publicitarias en galego
- Contribución á galeguización de sectores de especial relevancia económica, social e cultural

Para a categoría B) a estes criterios acrécentanse os seguintes:

- Labor dirixido especialmente aos tramos de poboación de menor idade, infancia e/ou mocidade
- Traballo de promoción da lingua desde a perspectiva da transmisión xeracional
- Actuacións que teñan como obxectivo o fomento de actividades interxeracionais

O xurado poderá valorar outros méritos, que dará a coñecer, das persoas, colectivos ou entidades que se propoñan.

O xurado presentará a súa proposta, acompañada do consentimento da persoa proposta, ao presidente desta Deputación que é o órgano competente para resolver este premio. A decisión do xurado terá lugar no segundo semestre do ano, darase a coñecer no taboleiro de anuncios, na páxina web da Deputación, e a través dos medios de comunicación. O xurado queda facultado para interpretar estas bases.

Sétima. Candidaturas non seleccionadas

A documentación presentada poderase recoller ata 30 días despois da concesión do premio algunha das persoas que formalmente presentaron a proposta, na Unidade Técnica de Normalización Lingüística.

Pasado este tempo entenderase que renuncian á súa propiedade.

Oitava

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Disposición adicional primeira

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>)

A Coruña, 18 de febreiro de 2020

O PRESIDENTE

Valentín González Formoso

O SECRETARIO

José Luis Almau Supervía

2020/1379